



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 10 DE XANEIRO DE 2008,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se nomea reitor magnífico da Universidade da Coruña o profesor e doutor José María Barja Pérez

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se establecen as condicións para a recollida e o transporte de subprodutos e produtos transformados de orixe animal non destinados a consumo humano e para a autorización dos vehículos utilizados

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que dispón o cesamento de Ana Fernández Pulpeiro como directora xeral da División de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde
- Decreto polo que se nomea a Francisco Pais López como director xeral da División de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde

ACORDOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do proxecto da liña de media tensión a 20 KV, centro de transformación Aguasantas II sobre a do monte veciñal en man común Aguasantas pertencente á comunidade de montes veciñais en man común de Aguasantas no concello de Cotobade, en Pontevedra, promovido pola empresa Eléctrica de Moscoso S.L.



INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre a axenda lexislativa e os principais plans de actuación dos departamentos da Xunta de Galicia para o ano 2008



A XUNTA REGULA AS CONDICIÓNS DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE SUBPRODUTOS DE ORIXE ANIMAL NON DESTINADOS AO CONSUMO HUMANO CO OBXECTO DE AUMENTAR OS NIVEIS DE SEGURIDADE NESTES PROCESOS

- *Esta norma regula o procedemento de autorización e rexistro dos vehículos e dos contedores utilizados neste tipo de traslados*
- *O control do transporte é un dos principais elementos dos plans de bioseguridade das granxas*

O Goberno galego, a proposta da Consellería do Medio Rural, aprobou hoxe o Decreto polo que se establecen as condicións para a recollida e transporte de subprodutos e produtos transformados de orixe animal non destinados ao consumo humano, e para a utilización dos vehículos utilizados. Unha norma que ten como obxecto regular a recollida e o transporte deste tipo de produtos ou subprodutos, así como o procedemento de autorización e rexistro tanto dos vehículos como dos contedores que se utilizan para o citado transporte. Ademais, tamén recolle a creación do rexistro de vehículos autorizados para esta actividade e establece o procedemento que se debe seguir para a expedición da dita autorización.

Este decreto pretende reducir ou minimizar os riscos asociados ao transporte de subprodutos de orixe animal, consciente de que a nivel mundial se teñen rexistrado casos de propagación de enfermidades entre explotacións gandeiras, relacionados con esta actividade. Deste xeito, o control das condicións en que se realiza o transporte é un dos principais elementos que deben recoller os plans de bioseguridade das granxas, dado que se trata dunha acción estratéxica para o funcionamento das explotacións (fundamentalmente no caso do abastecemento de materias primas, alimentación, animais, etc.) Así mesmo, as persoas condutoras dos vehículos tamén deben equiparse coa vestimenta acaída e respectar as condicións hixiénicas preceptivas para evitar actuar como vectores transmisores durante os labores de recollida, transporte e descarga.

No texto do decreto establécense pois as actuacións preventivas que se deben realizar no establecemento produtor dos subprodutos; nos propios vehículos e contedores, con especial atención aos procedementos e certificados de desinfección e limpeza dos mesmos, e durante o proceso de recollida tanto nas explotacións como noutro tipo de instalacións. Ao mesmo tempo, tamén se fixa o período de tempo mínimo (dous anos) durante o cal os titulares da produción de subprodutos animais, os transportistas e os receptores finais deben conservar a documentación da actividade realizada. Ademais, recóllense as condicións que deben cumprir os centros dedicados á limpeza e desinfección dos vehículos ou contedores de transporte e como se debe realizar este procedemento.



Por último, créase o rexistro de vehículos e contedores autorizados para levar a cabo este tipo de transporte que será xestionado polos servizos provinciais competentes en materia de gandaría. Neste sentido, establécese que as autorizacións que xa fosen emitidas antes da publicación deste decreto terán unha validez de seis meses, prazo no cal se deberán adaptar os vehículos á nova normativa.



MEDIO RURAL ACORDA DECLARAR A PREVALENCIA DE UTILIDADE PÚBLICA DO PROXECTO DE INSTALACIÓN DA LIÑA ELÉCTRICA DE MEDIA TENSIÓN SOBRE A COMUNIDADE DE MONTES DE AGUASANTAS, EN COTOBADE

A Consellería do Medio Rural declarou a prevalencia de utilidade pública do proxecto de instalación da liña eléctrica de media tensión a 20KV-Centro de transformación Aguasantas II, no concello de Cotobade sobre a do monte veciñal Aguasantas, promovido pola empresa Eléctrica de Moscoso.

A Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais ratificou un informe positivo da delegación provincial do Medio Rural, elaborado despois de que se lle comunicase o expediente á comunidade afectada sen que se efectuasen alegacións. Así, emítase informe favorable sobre a prevalencia de utilidade pública do proxecto sobre o uso propio do monte, cunha superficie de afección de 7.520 m².

Para a execución do proxecto adoptaranse as condicións recollidas na Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que establece que nas liñas de transporte e distribución de enerxía eléctrica se respectarán as especificacións de regulamentación electrotécnica sobre distancia mínima entre os condutores, as árbores e outra vexetación. Nunha faixa de 5 metros dende a estremeira da infraestrutura non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei, como son piñeiros, mimosas, acacias negras e eucaliptos. Deberá eliminarse só o arborado e mato incompatibles coa liña, preservando as especies protexidas e de interese compatibles, facendo un rareo para crear unha pequena discontinuidade. Naqueles pés de porte arbóreo que deban ser respectados, isto é, frondosas autóctonas, realizaranse labores de poda ou demouca para limitar o seu crecemento.

Este trámite de declaración de utilidade pública é preceptivo para a aprobación de proxectos de instalacións eléctricas de xeración, transporte e distribución de enerxía eléctrica, para os efectos de expropiación forzosa dos bens e dereitos necesarios para o seu establecemento. A Lei do sector eléctrico declara de utilidade pública as instalacións eléctricas de xeración, transporte e distribución de enerxía eléctrica, para os efectos de expropiación forzosa dos bens e dereitos necesarios para o seu establecemento.



O GOBERNO GALEGO APROBARÁ VINTECINCO PROXECTOS DE LEI AO LONGO DE 2008

- *A reforma do imposto de sucesións e doazóns, a Lei de medidas urxentes en materia de vivenda e solo, a Lei de comercio interior, a Lei de saúde, a Lei de servizos sociais, a Lei de pesca, a Lei da paisaxe e a Lei de residuos son algunhas das normas que verán a luz ao longo deste ano*
- *O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe sobre os proxectos de lei e os principais plans de actuación dos distintos departamentos do Goberno galego para 2008*
- *O calendario lexislativo do Goberno galego para este ano recolle tamén os proxectos de lei de voluntariado e de mocidade, así como a Lei integral sobre drogas ou a Lei do Instituto de Investigación Sanitaria*
- *O Executivo autonómico daralle luz verde tamén en 2008 as Directrices de Ordenación do Territorio*

O Goberno galego impulsará a aprobación dun total de 25 proxectos de lei ao longo do ano 2008, segundo se desprende dun informe sobre o calendario lexislativo dos diferentes departamentos da Xunta para este ano, que hoxe coñeceu o Consello da Xunta. O documento, presentado pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, recolle ademais os principais plans de actuación das distintas consellerías para 2008.

En virtude do devandito informe, está previsto que neste ano vexan a luz importantes proxectos lexislativos na área do benestar, como o proxecto de Lei de servizos sociais, o proxecto de Lei de voluntariado e a Lei da mocidade, así como a Lei de publicidade institucional.

No calendario lexislativo da Consellería de Economía e Facenda figura a previsión de aprobar os proxectos de lei do canon hidroeléctrico, da reforma do imposto de sucesións e doazóns e de modificación do réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Consonte o informe valorado hoxe polo Goberno galego, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes impulsará a aprobación da Lei de fomento do transporte de pasaxeiros por estrada e a Lei de medidas urxentes en materia de vivenda e solo.

Da Consellería de Innovación e Industria sairán tamén importantes proxectos lexislativos en 2008. Deste xeito, o proxecto de lei de turismo, e o proxecto de lei de creación da Axencia Galega de Innovación e Desenvolvemento Industrial serán aprobados este ano, así como a lei de comercio interior.



A Consellería do Medio Rural prevé aprobar a Lei de montes e a reforma da Lei de desenvolvemento comarcal, e a Consellería de Cultura e Deporte terá lista en 2008 a Lei de arquivos.

Especialmente significativa é a axenda lexislativa prevista pola Consellería de Sanidade para os primeiros seis meses do ano, período en que prevé someter á aprobación do Goberno galego a Lei de saúde, a Lei integral de prevención, asistencia e inserción en materia de drogodependencias e outras condutas aditivas, e a Lei do Instituto de Investigación Sanitaria.

No calendario que hoxe valorou o Goberno galego figura tamén a previsión da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos de impulsar nos primeiros meses de 2008 o proxecto de lei de Pesca, así como dúas iniciativas lexislativas da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible: a lei galega da paisaxe e a lei integral de residuos de Galicia.

As previsións lexislativas do Executivo autonómico para o primeiro semestre do ano complétanse coa Lei de modificación do Consello Galego de Relacións Laborais, que impulsará a Consellería de Traballo, xunto coa Lei de participación institucional. Finalmente aprobarase o proxecto de Lei de vivenda de Galicia ao abeiro da Consellería de Vivenda e Solo.

Principais plans de actuación

Ademais dos principais proxectos de lei que aprobará este ano a Xunta de Galicia, o informe presentado hoxe no Consello recolle os principais plans de actuación previstos polos diferentes departamentos do Goberno autonómico. Neste eido destaca especialmente a previsión da aprobación das Directrices de Ordenación do Territorio, dependente da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes. Ademais, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria fixa para o segundo semestre do ano a aprobación do segundo plan de formación profesional, que se elaborará en colaboración coa Consellería de Traballo.

Do mesmo xeito, ao longo de 2008 verán a luz o Plan de Infraestruturas Hospitalarias, o Plan de Transportes, o Plan Integral de Infraestruturas do Transporte e o Plan de Acuicultura.



JOSÉ MARÍA BARJA, NOMEADO REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o nomeamento de José María Barja Pérez como reitor magnífico da Universidade da Coruña, logo das eleccións celebradas o pasado 4 de decembro de 2007, e da proclamación definitiva de Barja como candidato electo o 14 do mesmo mes.

José María Barja Pérez, natural de Mondoñedo, foi nomeado en 1983 catedrático de Álgebra, tras unha ampla experiencia en diferentes universidades. Así, foi bolseiro do Plan de Formación do Persoal Investigador no Departamento de Álgebra e Fundamentos na Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago (1973-1976), profesor adxunto interino na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Industriais de Vigo (1976-1977), profesor interino no departamento de Álgebra e Fundamentos da Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago (1977-1982), e profesor adxunto de Álgebra na mesma facultade durante o período 1982-1983. O seu primeiro destino como catedrático foi a Facultade de Matemáticas de La Laguna, de onde pasou á Facultade de Ciencias da Universidade de Málaga. No ano 1991 ocupou a cátedra na Universidade da Coruña.

O seu labor investigador cobre a participación e dirección de teses e proxectos de investigación, comunicacións en congresos da súa especialidade e a publicación de traballos científicos en revistas nacionais e internacionais.

En canto á súa experiencia en xestión universitaria, Barja foi director do departamento de Álgebra da Universidade de Málaga, vicedecano da Facultade de Ciencias e vicerreitor de Organización Académica e Profesorado da mesma universidade. Xa na Coruña, José María Barja foi director do Departamento de Computación e decano da Facultade de Informática. Ademais, foi membro da Xunta de Goberno desde 1993 ata 2003, primeiro como representante do profesorado do claustro e logo como decano. Tamén foi membro da Comisión de asuntos económicos e presidente da Xunta de persoal docente e investigador. En 2004 foi nomeado reitor da Universidade da Coruña, cargo que continuará exercendo tras a súa reelección.

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, regula no seu artigo 20 a forma de elección do reitor e dispón que será nomeado polo órgano correspondente da Comunidade Autónoma. Pola súa banda, os estatutos da Universidade da Coruña dispoñen que o reitor será elixido pola comunidade universitaria e nomeado pola Xunta de Galicia.



FRANCISCO PAIS LÓPEZ, NOVO DIRECTOR XERAL DA DIVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

O Consello da Xunta de Galicia aprobou na súa xuntanza de hoxe o cesamento de Ana Fernández Pulpeiro como directora xeral da División de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde, logo da súa elección como nova xerente da Universidade de Vigo. O Goberno galego tamén acordou, por proposta da conselleira de Sanidade, María José Rubio Vidal, o nomeamento de Francisco Pais López como novo responsable económico do Servizo Galego de Saúde.

Pais López é licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago, especializado en investimento e financiamento. Este compostelán de 40 anos era, na actualidade, xefe do Departamento Administrativo Financeiro da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, cargo que ocupa dende xuño de 1997.

Con anterioridade formou parte do departamento administrativo-financeiro da empresa *Goainvest* participando activamente na planificación económico financeira da sociedade construtora do Grupo Inditex. A súa experiencia profesional comezou en 1992, ano en que se incorporou á auditora *Arthur Andersen e Cia. S. Com* na que desenvolveu a súa actividade profesional en distintos sectores como os da banca, automobilístico, da construción, medios de comunicación ou metalúrxico.